



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ANUNCIO CONCURSO DE COMPARSAS ENTROIDO 2017

BASES

En relación coa celebración do Entroido de Fisterra 2017, “o Entroido máis tradicional da Costa da Morte”, establécense tres premios para as comparsas que se presenten a este concurso, o cal se vai celebrar o sábado 25 de febreiro no pavillón municipal de Fisterra ás 18:00 h, conforme ás seguintes bases:

1º.- A contía dos premios será a seguinte:

PRIMEIRO PREMIO.....	1.400,00 €
SEGUNDO PREMIO.....	1.100,00 €
TERCEIRO PREMIO.....	800,00 €

Estes premios destinaranse aos cualificados por orde de maior puntuación. En caso de empate, o xurado decidirá nunha nova votación á comparsa gañadora.

O RESTO DAS COMPARSAS PARTICIPANTES TERÁN UNHA AXUDA ECONÓMICA DE 300,00€.

2º.- Os aspectos a puntuar serán:

- PRESENTACIÓN (disfraces, maquillaxe ...)
- CALIDADE ARTÍSTICA (música, posta en escena, organización, decorado e outros...)
- CONTIDO DAS CANCIÓNS OU LETRAS

3º.- A puntuación será do 5 ao 10 por cada aspecto. A suma dos puntos obtidos outorgará a clasificación pertinente.

4º.- O ditame do xurado será inapelable.

5º.- Ao remate do concurso animamos ás comparsas a participar no pasarrúas o cal se realizará desde o pavillón municipal á praza da Constitución.

6º.- O tempo de actuación non sobrepasará os 30 minutos. No caso de que isto suceda, o xurado penalizará a comparsa que non cumpra as bases.

7º.- O número de participantes de cada comparsa será como mínimo de 20 persoas, sendo o representante da mesma maior de idade.

8º.- O lugar de inscrición será nas oficinas do concello en horario de 09:30 a 14:30 horas antes do 16 de febreiro.

Fisterra, 18 de xaneiro de 2017.

A CONCELLEIRA DE CULTURA.

Asdo.- Teresa Fernández Martínez.

